

Os socialistas agardan que o Goberno municipal explique se abrirá comedores infantís no verán ou apoiará á Xunta na súa negativa para non xerar visibilidade da pobreza infantil

Ante a petición do GMS, “o Partido Popular elude dar explicacións lembrando a existencia doutros servizos pero o que realmente queremos saber é si se atenderá esta problemática ou non”

Consideran increíble a resposta do PP, “hai que solucionar o problema que existe e a solución non pasa precisamente por negar ou ocultar a súa existencia”

CERVO, 12 DE XUÑO DE 2014.- Os socialistas non dan crédito ás declaracións do Partido Popular en canto a súa petición de poñer en marcha un Plan de Apoio á Alimentación Infantil mantendo os servizos dos comedores escolares durante as vacacións de verán para aqueles nenos e nenas que o necesiten, “xa sabemos que o Concello ten un departamento de Servizos Sociais e un servizo de axuda a domicilio pero o que realmente queremos saber é si se atenderá esta problemática ou non, pois polo de agora non se está a cubrir”.

O goberno de Cervo, como na maioría das ocasións, “elude dar explicacións. Lémbra-nos a existencia doutros servizos e queda tan ancho. Servizo de axuda a domicilio, que recordamos por certo, o levan concedido a casas onde a xente non reside, porque non viven realmente no noso concello”.

Dende o Grupo Municipal Socialista cren que “é lóxica a actitude do Partido Popular de Cervo, sabendo que seguen ordes dos seus compañeiros da Xunta de Galicia que xustifican a non apertura de comedores escolares no verán para “*non xerar excesiva visibilidade da pobreza infantil*”. Increíble”.

Esixen ó PP, como responsable das administracións que teñen competencias nesta materia que “respondan ós problemas das familias que están sufrindo, por desgraza, unha situación de pobreza ou exclusión social. Hai que solucionar o problema que existe e a solución non pasa precisamente por negar ou ocultar a súa existencia”.